

Alimentos viaxeiros



COMO CONTRIBUÍMOS AO CAMBIO CLIMÁTICO CANDO MERCAMOS ALIMENTOS?

- > O modelo de alimentación que nos imponen as grandes superficies, entre elas Carrefour, ten efectos moi negativos, entre outros, o **transporte dos alimentos que malgasta enerxía e produce gases de efecto invernadoiro.**
- > Hoxe, 17 de abril, **día internacional das loitas labregas**, atopámonos diante dun dos moitos establecementos que ten Carrefour. Se entramos, nestes intres podemos atopar unha mancha de produtos, uns non son de época, outros si, pero en calquera caso son alimentos que percorren milleiros de quilómetros para chegar aquí e ás nosas mesas (ver detrás).
- > A maioría destes produtos podemos telos na Galiza, moitos todo o ano, outros na súa época.

CANDO MERCAMOS ALIMENTOS PODEMOS CONTRIBUÍR A FREAR O CAMBIO CLIMÁTICO



1. Se escollemos produtos de época.
2. Se mercamos produtos locais e/ou de proximidade nos mercados locais ou no pequeno comercio.
3. Se mercamos directamente aos labregos e labregas.

Na Galiza aínda quedan produtores e produtoras que venden directamente nos mercados. Tamén a cidadanía empeza a organizarse en grupos informais e en cooperativas para mercar directamente.

PETROALIMENTOS E ALIMENTOS VIAXEIROS

- > As distancias son en liña recta, dende a capital dos países de procedencia a Santiago de Compostela, co que a distancia real é aínda bastante maior.
- > Algúns exemplos son:

Patacas de Francia		1.100 Km
Boniatos de Israel		4.000 Km
Plátanos do Ecuador		8.500 Km
Noces de California		8.800 Km
Granadas da India		7.600 Km
Sandías e melóns do Brasil		7.700 Km
Uvas de Chile		10.600 Km
Ameixas de Sudáfrica		8.800 Km
Peras e ameixas de Sudáfrica		8.800 Km
Peras da Arxentina		10.000 Km
Mazás da Arxentina		10.000 Km
Piña do Ecuador		8.500 Km
Espárragos da China		9.300 Km
Fabas da Arxentina		10.000 Km
Lentellas dos Estados Unidos		5.300 Km
Lentellas e garavanzos do Canadá		5.600 Km
Garavanzos de México		8.700 Km
Salchichas da Alemaña		1.950 Km
Sardiñas de Marrocos		990 Km

- > Nas marcas brancas atopamos: Iogurtes de Francia e de Alemaña, Iogurt grego de Francia, Sobremesas lácteas de Alemaña, Kefir e Bifidus de Austria, etc.

A CIDADANÍA GALEGA
NA REVOLTA GLOBAL

